

**INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE CAPTACIÓN DE ALUMNADO, ESTUDANTES E EXTENSIÓN UNIVERSITARIA, DO 20 DE ABRIL DE 2020, PARA MODIFICAR A MATRÍCULA DA MATERIA CURRICULAR DE PRÁCTICAS EXTERNAS A TEOR DA RESOLUCIÓN REITORAL, DO 1 DE ABRIL DE 2020, SOBRE AS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO CURSO 2019/2020 COMO CONSECUENCIA DA SÚA SUSPENSIÓN TEMPORAL DERIVADA DA SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

Consonte o establecido na Resolución reitoral, do 1 de abril de 2020, sobre as prácticas académicas externas e as bolsas de formación complementaria do curso 2019/2020 como consecuencia da súa suspensión temporal derivada da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, na cal figura, entre outras medidas, a posibilidade da modificación de matrícula na materia curricular de prácticas académicas externas, esta vicerreitoría dita as seguintes

## **I N S T R U C I Ó N S**

**Primeira:** no caso de anularse a matrícula da citada materia, de non ser precisa para rematar os estudos, devolveranse os prezos aboados e non se expedirá ningunha acreditación sobre as prácticas realizadas, nin por parte da Universidade de Vigo nin por parte da entidade. No caso de ter concedida a alumna ou alumno a bolsa xeral do MEFP, a anulación da materia pode **dar lugar á revogación e ao reintegro da devandita bolsa.**

**Segunda:** no caso das prácticas curriculares optativas, autorízase o cambio de matrícula por outra ou outras materias optativas do segundo cuadrimestre, equivalente en número de créditos; neste caso, e antes de admitirse, solicitaráselles un informe aos decanatos/direccións dos centros o ás CAM dos mestrados.

**Terceira:** os eventuais cambios de matrícula deben desenvolverse en consonancia cos procedementos de rexistro das actas na Universidade de Vigo, de xeito que, unha vez xeradas as actas do segundo cuadrimestre, non será posible modificar a citada matrícula.



**CSV : GEN-686a-d325-430f-b65b-ff47-5d0d-b8f9-e219**

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 20/04/2020 12:18 | NOTAS : F

**Cuarta:** as devanditas solicitudes formalizaranse do seguinte xeito:

- Para os estudos de grao: presentarse a solicitude xenérica dispoñible en <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/296> no correo electrónico da secretaría de seu centro: [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Telefonos correos secretarias estudiantes.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Telefonos_correos_secretarias_estudiantes.pdf).
- Para os estudos de mestrado: presentarse a solicitude xenérica dispoñible na sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/public/publications/list/forms/FORMS/details/1151953> no correo electrónico das áreas académicas de posgrao, dispoñible no anexo II en <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/336>.

Vigo, 20 de abril de 2020

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

Natalia Caparrini Marín

(Asinado electronicamente)



**CSV : GEN-686a-d325-430f-b65b-ff47-5d0d-b8f9-e219**

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 20/04/2020 12:18 | NOTAS : F